



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ABRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A RENOVACIÓN DE MODALIDADES DE RECURSOS ESPECÍFICOS: PERCEBE, EQUINODERMOS, SOLÉNIDOS, ALGAS, PENEIRA, ANEMONES E POLIQUETOS, NO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE EMBARCACIÓNS NAS CONFRARÍAS DE PONTEVEDRA, RAXÓ, LOURIZÁN, ALDÁN, BUEU, PORTONOVO, MARÍN E SANXENXO PARA O TRIENIO 2022-2024

1. Consideracións legais

1. O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 4.2 que a actividade de marisqueo de recursos específicos e de algas, tanto en zonas de autorización marisqueira como en zonas de libre marisqueo, realizarase ao abeiro de plans de xestión.

2. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer-la actividade pesqueira e marisqueira, establece no artigo 20 a previa inscrición do seu titular no plan de explotación específico regulamentariamente establecido.

3. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina nos seus artigos 32 a 34, o procedemento para a renovación da modalidade de recursos específicos (requisitos, prazo de presentación da solicitude e documentación) no permiso de explotación das embarcacións.

4. A Disposición transitoria cuarta do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, establece que as modalidades de recursos específicos das embarcacións que se outorguen ou renoven no ano 2019, e que se outorguen no ano 2020 terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021, e renovaranse para o período 2022-2024 acreditando actividade suficiente nos dous anos naturais anteriores.

5. En canto a actividade extractiva suficiente terase en conta o establecido na Resolución do 20 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito de actividade extractiva suficiente no ano 2020 para a renovación de habilitacións para o exercicio do marisqueo, modificada pola Resolución do 14 de agosto de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

De cara a cumprir co requisito de actividade extractiva suficiente (notas de venta) nos plans para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo:

1. O período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020 excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de xestión en 2020.
2. Todos os días de ventas rexistradas polos titulares durante o período indicado no punto





anterior poderán computar de cara a xustificar a porcentaxe de actividade extractiva suficiente no plan de xestión en 2020.

2. Requisitos

A renovación das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación realizarase cada tres anos e requirirá:

- a) Estar incluída na listaxe de embarcacións do plan de xestión correspondente.
- b) Cumprir anualmente as prescricións específicas contidas no plan de xestión.
- c) Que cando menos unha das persoas tripulantes enroladas estea en posesión dos certificados profesionais correspondentes.
- d) Acreditar ter realizado actividade suficiente nos dous anos naturais anteriores (tendo en conta as consideracións legais indicadas nos puntos 1.5.1 e 1.5.2), entendendo como tal aquela que se realiza de modo efectivo segundo se indica a seguir, e sen prexuízo de que o plan de xestión do recurso específico que corresponda poida recoller unha porcentaxe superior:

1º. Ter realizado un 15 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión da entidade, no caso de embarcacións que só dispoñan dunha (1) modalidade de recursos específicos no permiso de explotación.

2º. Ter realizado un 8 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión da entidade, no caso de embarcacións que dispoñan de dúas (2) modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.

3º. Ter realizado un 5 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión da entidade, no caso de embarcacións que dispoñan de tres (3) ou máis modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.

Dita porcentaxe calcularase a partir da información da que dispón a Consellería do Mar sobre as vendas realizadas no período considerado.

- e) Ter realizado o 95 % dos días efectivos dos autorizados dentro do plan de xestión da entidade para as actividades de semicultivo asignados á embarcación que son necesarias para a mellora da produción; así como dos traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros que foron autorizados con carácter xeral no marco do plan de xestión.

Os días empregados nas actividades anteriores computaranse para os efectos de renovación da modalidade, sempre que así estea recollido no plan de xestión aprobado.

Para os efectos de calcular as porcentaxes indicadas nas letras d) e e), teranse en conta as seguintes situacións:

- a) Descontarase do período autorizado o tempo durante o cal a embarcación permanecese inactiva por causa debidamente xustificada.
- b) Non se computarán como día de actividade efectiva aqueles en que se acredite que traballaron menos do 15 % das embarcacións autorizadas.





c) Os días dedicados polas persoas mariscadoras ás actividades de turismo mariñeiro terán a consideración de días de actividade marisqueira, e computarán para a renovación das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación cando coincidan cun día de actividade extractiva.

d) Os días dedicados polas persoas percebeiras a extracción de semente de mexillón computarán para a renovación da modalidade de percebe no permiso de explotación da embarcación, cando coincidan cun día de actividade extractiva.

3. Axuste do número de cotas

No caso dos plans de xestión nos cales o cálculo do esforzo pesqueiro se faga en función das persoas tripulantes, coa renovación da modalidade axustarase o número de cotas de captura da embarcación á media de persoas tripulantes que estivesen enroladas durante os dous últimos anos naturais.

Para os efectos de calcular a media, descontarase o tempo durante o cal a tripulación non estivo enrolada por causa debidamente xustificada. Neste caso deberán presentar a documentación que acredite tal circunstancia.

4. Prazo para a renovación

O prazo de presentación da solicitude e documentación será dende o día seguinte ao da publicación desta resolución **ata o 31 de xullo de 2021**.

A resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, na xefatura territorial de Vigo en na xefatura comarcal de Vilagarcía de Arousa e nos taboleiros de anuncios das entidades asociativas do sector.

5. Solicitude

As solicitudes dirixiranse á Xefatura Comarcal de Pontevedra. Poderán presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para os traballadores autónomos de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico.

Así, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIe) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

As solicitudes virán acompañadas da documentación xustificativa necesaria en cada caso, e que se detalla ao longo da presente resolución.

Logo da solicitude, as actuacións posteriores que poidan xurdir durante a tramitación do procedemento (emenda a requirimentos, achega de documentación separada, alegacións, etc.) presentaranse de xeito electrónico a través das accións asociadas á solicitude inicial, mediante o





acceso a través da sede electrónica no apartado “A miña sede”, localizarase a solicitude e se seleccionará en “Accións” a actuación a realizar.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegarase o formulario normalizado correspondente de representación (dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá asinarse pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante nos documentos presentados é a titular do permiso.

6. Documentación

Para cada embarcación, orixinal ou copia dixitalizada da seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo o Anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).
- b) Anexo II, só no caso de haber máis dunha persoa solicitante.
- c) No caso dunha persoa física, os DNI/NIE da persoa solicitante e, no seu caso, da persoa representante, serán obxecto de consulta por parte da Consellería do Mar. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar unha copia dos documentos.

No caso dunha persoa xurídica, o NIF da entidade solicitante e, no seu caso DNI/NIE da persoa representante, serán obxecto de consulta por parte da Consellería do Mar. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar unha copia dos documentos.

- d) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa administrativa (**unha taxa por embarcación**, non por modalidade) (código: 30.17.01), só no caso de que o pagamento da taxa non se realice de forma telemática.
- e) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela á data da presentación da solicitude.
- f) Documento de Capitanía Marítima que acredite o número de tripulantes mensuais enrolados na embarcación nos dous anos naturais anteriores.
- g) Certificacións profesionais dos tripulantes enrolados (percebeiro, mergullador), agás que se xunte o Anexo III, para a consulta das certificacións profesionais da tripulación.
- h) Certificado da agrupación sectorial, de estar constituída, e da entidade titular do plan de xestión relativo:

1º. Á porcentaxe dos días dedicados, nos tres anos naturais anteriores, ás actividades de semicultivo, aos traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, que exprese as datas dedicadas ás tarefas. Así mesmo, incluírase a información necesaria sobre o desenvolvemento das actividades, que permita calcular que se cumpre a porcentaxe necesaria para renovar a modalidade.





2º. Ao cumprimento anual das prescricións específicas en cada un dos plans de xestión nos dous anos naturais anteriores polas persoas armadoras titulares do permiso de explotación das embarcacións e as persoas tripulantes para as que se solicitan as habilitacións.

Esta documentación só será preciso presentala cando no plan de xestión aprobado se recollan estas cuestións.

- i) Certificado da entidade titular do plan de xestión en que se faga constar os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro polas persoas mariscadoras. O documento será asinado polo/a presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa.
- j) Certificado da confraría ou entidade asociativa en que se fagan constar os días dedicados a realización da actividade de extracción de semente de mexillón polas persoas percebeiras.
- k) No caso de que a tripulación non estivese enrolada por causa debidamente xustificada, documentación que acredite tal circunstancia.
- l) No caso dos/as patróns/oas maiores, presidentes/as das agrupacións sectoriais e presidentes/as das federacións de confrarías, persoas que legalmente poidan substituílas ou nas cales deleguen expresamente, considerárase causa xustificada de inactividade o período de tempo empregado nos labores de representación, cando coincida co día de actividade de marisqueo.
- m) As entidades asociativas xustificarán a inactividade da embarcación ou da tripulación cando se deba a causas conxunturais, como poden ser, entre outras, as relacionadas coa produción ou con causas organizativas que afectan os métodos de traballo.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para a renovación da modalidade de recursos específicos de conformidade co establecido na sección 2 do capítulo III e o artigo 33 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

